

pasara e púxose coma un galo de pelexa e dixo que viñera pedirme explicacións, porque me vira pasear co Pere. Díxenlle que me debiera confundir con outra. Dixo que era eu. Xureille que non era verdade e el perxuraba que si. Ao comezo discutínlllo normalmente, pero como non me cría fíxome berrar e díxome, cando viu que berraba, que todas as mulleres estaban tolas e que non valían nin un peso, e entón pregunteille onde fora que me vira co Pere.

—Na rúa.

—Pero en que rúa?

—Na rúa.

—Pero en cal? En cal?

Marchou dando grandes zancadas. Non durmín en toda a noite. Ao outro día volveu e díxome que lle tiña que prometer que non sairía nunca máis co Pere e para rematar dunha vez e non o oír máis, porque cando se enfadaba non parecía el, díxenlle que o obedecería e que non sairía máis co Pere. En vez de poñerse contento púxose coma un demo, díxome que xa estaba farto de mentiras, que me puxera unha trampa e eu caera nela coma un rato, e fíxome pedirlle perdón por saír a pasear co Pere e por dicirlle que non saíra e ao final fíxome chegar a crer que saíra co Pere e díxome que me axeonllase.

—No medio da rúa?

—Axeónllate por dentro.

E fíxome pedir perdón axeonllada por dentro por saír a pasear co Pere que, pobre de min, non vira desde que rifáramos. O domingo fun rascar papel. O Quimet non veu ata o final porque tivera que traballar nun moble que tiña entre mans. O Mateu estaba a piques de rematar a cociña. Outra tarde máis, e lista. Toda de azulexo branco ata a altura do brazo. E por riba dos fogóns, de azulexo vermello

brillante. O Mateu dixo que todos os azulexos viñan da obra. E dixo que era o seu regalo de voda. Abrazáronse o Quimet e mais el, e o Cintet, cos seus ollos de vaca pasmada, refregaba as mans. Fomos todos xuntos tomar o vermú e comer chocos. O Cintet dixo que se necesitabamos anel el coñecía un xoieiro que nolo vendería a moi bo prezo. E o Mateu dixo que el coñecía outro que nolo deixaría a metade de prezo.

—Non sei como te amañas, díxolle o Quimet.

E o Mateu, todo encarnado e cos ollos azuis, ría contento e mirábanos devagar, ora a un, ora a outro.

—Mañas dun.